

Sínodo da Familia: A boa nova bate co muro do dogma

A foto que fala

Os outros muros. Lima (Perú): un neno xoga ao pé do muro que separa o barrio pobre de Vista Hermosa de San Juan de Miraflores e o rico de Las Casuarinas.



O trasno Zona noroeste

Daniel López Muñoz



A pesar do esforzo final feito público por un grupo de arredor de noventa persoas relevantes na cultura e na comunicación galegas, todo indica, cando isto escribo, que non haberá candidatura única nas eleccións xerais. A ver logo. Así, entre outros, Xabier P. Docampo, Marica Campo, Manuel Rivas, Suso de Toro, Alba Nogueira, Rosa Aneiros, Fernández Paz, María

Reimóndez, Víctor Freixanes, ... lembraban:

... agora que as estruturas do Estado están en crise e van ser revisadas, Galicia debe falar con voz propia, debe existir en por si e non submetida a ordes alleas.

A ruptura do proceso aberto de creación dunha candidatura unitaria que consiga para o noso país un grupo parlamentar propio no Parlamento español, levantada sobre os nosos problemas e necesidades e cun ambicioso programa social, é unha derrota que non queremos aceptar. ...Nós esiximos un último esforzo urxente. ...Ninguén ten dereito a derramar a nosa esperanza...

Apuntaban ao centro da cuestión. Galicia pode existir na próxima lexislatura ...ou non. Pode ter espazos e tempos para facerse oír, como comunidade humana singular e diferenciada...ou menos. Pode ser ser logo Galicia “actora” como tal nun tempo crítico, ou ser o noroeste de algo moi *guai* pero distinto a ela mesma.

Podémonos enmeigar con boas palabras e mellores intencións, con *cre-*

bas democráticas, fronte amplas, unidades pola base, nova política...

Certamente é crucial construír desde abaixo. Crear ou fecundar as organizacións, máis ben estériles e algo escleróticas, coa vitalidade –e o control– da base social, coa súa frescura espontánea e benditamente anárquica.

Pero ao cabo está o artigo 23 do regulamento do Congreso dos Deputados. E aí dise quen pode e quen non constituír grupo parlamentario de seu.

No tempo de relacións líquidas e efémeras comunidades virtuais, no tempo no que vivir e posar semellan a mesma cousa, poderíamos confundir a realidade real coa outra, coa mediática e virtual. Pero facer país é facer institucións galegas sólidas, en todo o territorio, na vida, no traballo e no pan de cada día. Non dinosauros, pero si institucións robustas e vivas. Proxectos perdurables. Traballo constante, compromiso organizado e persistente no tempo.

Pero, vaites, que non vai ninguén roubar nos a esperanza. Como dependese diso, xa non estabamos aquí.

Editorial Normas consistentes, boa nova escasa

Finaliza o Sínodo e obsérvase a diferenza entre as expectativas que crea unha figura como Francisco -e a súa proposta de reforma- e a dura realidade dun episcopado regresivo e lastrado de anos, normas e dogmas, moito del aínda na órbita ideolóxica de Xoán Paulo II.

Un tímido avance en forma de proceso de “acompañamento e discernimento caso a caso” no asunto da plena participación na comunidade cristiá dos divorciados. E un sacarse de encima temas incómodos, como por exemplo a necesaria reorientación completa no tratamento da homosexualidade, que segue a ser tratada como unha contrariedade ou unha pena coa que achantar con discreción. Escasa colleita.

A procura humilde da verdade, desde o espírito do buscador de Nazaré, non foi a postura maioritaria

Coa finalización do sínodo sobre a familia, comprobamos, logo, a pesar do que di o propio Francisco no discurso final, que a procura humilde da verdade, desde o espírito do buscador de Nazaré, non é a postura sinodal maioritaria. Persiste o convencemento de que hai unha verdade única, inamovible, cerrada que se lle colga a Cristo do pescozo. E descubrimos,

con abraio, que millóns de cristiás/áns continuamos a vivir no erro, non por non lle facer caso a Xesús, ás súas actitudes básicas, senón por non escoitar aos seus intérpretes. Porque seica vai resultar que o seguimento de Xesús non é un camiño ao que somos invitados, senón un cuestionario, coas respostas marcadas, ao que teremos que responder correctamente ante un tribunal.

Hai unha Igrexa, chea de santos e beatos bispos, que pon a Verdade, con maiúscula, como referente. Hai unha Igrexa que pon a Misericordia, con maiúscula, como guía para o seu camiño. De seguro que ambas as dúas non son incompatibles, mais o día a día distáncias cada vez máis.

Os “intérpretes da verdade” acaban de reiterar o “*designio de Deus para o matrimonio e a familia*”(sic). E iso a pesar do suxestivo que resulta que, no Evanxeo de Xoán, cando Pilato lle pregunta a Xesús no momento crítico «Que é a verdade?» (Xn 18, 38), atopase o silencio como resposta.

Lamentamos as conclusións do Sínodo e subscribimos as palabras finais de Francisco: “os verdadeiros defensores da doutrina no son os que defenden a letra, senón o espírito; non as ideas, senón a persoa ; non as fórmulas, senón a gratuidade do amor de Deus e do seu perdón”

Que sexa tal que así. E non doutra maneira.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

O pasado domingo 18 de outubro estiven nun concerto multitudinario no Auditorio de Galicia en Santiago. De feito, nun principio estaba programado para só para o sábado pero axiña se esgotaran as entradas anticipadas e tiveron que repetilo o domingo, volvendo encher. Tratábase do concerto “Sons miúdos” dirixido, en principio, para os pequechos e pequechas da casa.

Alí fomos toda a familia. No espectáculo, a actriz Pepa Piñón e o actor Pablo Patiño van fiando as actuacións musicais que se suceden de xeito vertixinoso. Non andaba eu moi posto

en cancións infantís, e moito menos en galego, pero o primeiro que me sorprende foi o ritmo das cancións. Non eran cancións “ñoñas” pensadas por adultos para nenos. Eran cancións cheas de orixinalidade con notas musicais de altísimo nivel.

Polo escenario pasaron Mamá Cabra, A nena e o grilo, María Fumaça (Uxía Senlle), Pablo Díaz, Paco Nogueiras ou Xoán Curiel. Uns artistas coma uns piñeiros que fixeron bailar e cantar a todos os pícaros que estaban alí. E non só aos pícaros e pícaras. Tamén todos os papás e mamás que



foramos de acompañantes formamos parte da festa.

Estou abraiado polo nivel do concerto e polo nivel da música infantil galega. Estade atentos e atentas porque sei que van ir de xira por toda Galicia e dende logo pode ser a xira musical do ano. Abofé.

1



3



2



4



A peneira

1

Helly Luv é perseguida por cantar a prol do **KURDISTÁN** e contra os xihadistas, que conquistaron un terzo do norte de Iraq e o leste de Siria, o seu lar. Turquía que ten eleccións o 1, conta co 5º exército máis grande e traizo a os curdos atacando os que xa son vítimas do terrorismo xihadista ao tempo que converte a auga nun conflito con Siria polas presas que fai no Éufrates. Occidente volve errar.

2

CHINA vai instalar cen millóns de labregos nas cidades para máis consumo; xa suman 250 millóns emigrantes no propio país. Só o 37% están censados; os outros, ilegais, sen dereitos. Urxen reformas contra a corrupción, a contaminación e o desfase do partido único que reduce a competitividade exportadora e obriga ao consumo interno. Neste mercado da flor coma 400 campos de fútbol necesitaríamos un guía.

3

En Galiza seguen impedindo **CAMPOSANTOS** musulmáns, incumprindo a Lei de Liberdade Religiosa de 1980. Teñen o máis próximo en Toledo. Na foto, as Adormideiras da Coruña, antigo cemiterio musulmán, arestora Casa das Palabras. Tampouco están a garantir clases da súa relixión ao 90%, obrigadas por lei. En Galiza son 1846 alumnos/as nunha poboación de 16.698

4

DAVID OTERO que alentou o nacemento de *Irimia* e segue a dar pulo ás asociacións de base, vai ser recoñecido coma "Chairego de Honra", o 7, en Vilalba. Este escritor e activista sociocultural, dedicou toda a súa vida a loitar pola supervivencia da nosa fala, mesmo sendo aldraxado na ditadura.


5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Polo **SAN MARTIÑO** valoramos a vixencia do porco no noso sustento. Somos o quinto produtor do Estado con 30.000 criadores (2500 dun xeito industrial). Este é un sector en crise polo peche das exportacións de carne fresca en Rusia, que incrementa a competitividade de terceiros países afectados polo mesmo, coma Francia.

6

Ata o 17 podemos gozar da exposición de debuxos arqueolóxicos a augatinta de Heitor Picallo, o creador de Cuntis, sobre "A Torre dos Valle Inclán no **CARAMINAL**". Comezan así a celebración dos 150 anos do seu nacemento, no 2016, e vaise percorrer o seu ciclo vital en Vilanova de Arousa, Pontevedra, Compostela...

7

Os militares non deixan presentarse a Suu Kyi ás eleccións do 8 en **BIRMANIA**, destruindo o soño do seu pai, o fundador: construír a republica federal que integre as minorías étnicas (30% da poboación). Dende 1962 afogan Myanmar acaparandoos recursos naturais e apoiando os medios privados, mentres inza a miseria a eito.

8

O Ateneo Ferrolán convoca do 11 ao 15 ao congreso "Ferrol-Cuba-Galiza, historias comúns" (<http://ateneo-ferrolan.blogspot.com>). O papel da muller, a emigración na política, os vencellos culturais entre Galiza-**CUBA** son algúns dos eixos. Mesmo no mes de santos cómpre visitar os panteóns dos concellos e familias cos nosos apelidos no Cemiterio de Colón da Habana.

Política Eleccións reconstituíntes

Carlos Vázquez G.



A crise económica mundial ou Gran Recesión, que xa se albisca en 2007 e estala en 2008, en España reviste especiais características, máis nocivas polo noso modelo produtivo precario, pola instalación da corrupción no noso tecido político e empresarial e pola rixidez e desgaste do noso sistema político e institucio-

nal. Por iso e pola mera aplicación da chamada austeridade como remedio único, a recuperación económica é máis aparente ca real, revélase só nalgúns datos macroeconómicos e non chega nin ao tecido produtivo nin ás persoas e capas sociais máis prexudicadas, é dicir, á maioría da poboación. É coma esa anemia florida do meniño, que parece san e gordiño pero en realidade está mal nutrido, débil e exposto a todas as enfermidades e infeccións. Por iso, para saír efectivamente da crise, en España non bastan medidas e plans só económicos. Teñen idéntica importancia real a transformación do noso modelo produtivo, as medidas de rexeneración ética e as reformas políticas de fondo que afectan á Constitución mesma, ás nosas leis máis fundamentais e a moitas institucións. Isto é tan así que, ou se afronta todo ao mesmo tempo, ou o fracaso será rotundo, con nefastas consecuencias que se prolongarán moito no tempo, coa cronificación da pobreza e da precariedade e cunha unha moi profunda inestabilidade política e social. Parece-

me este o cristal co que hai que mirar as propostas e programas que se nos ofrezan para os comicios que están ás portas.

Para ben ser, a próxima lexislatura tería que ser curta, o xustizo para debater, acordar e aprobar as propostas de reforma da Constitución, disolver as Cámaras e convocar o referendo necesario e as novas eleccións, que si deberían traer a necesaria estabilidade política para xestionar a nova etapa democrática, que a realidade social e a cidadanía, parece, están demandando. Calquera pretexto, incluídos os económicos, para atrasar este proceso político será perder un tempo precioso para acadar unha auténtica estabilidade e retrasará a efectiva saída da crise económica, política, social e institucional, que é o que temos. Porque a estabilidade que se está a predicar desde o partido do Goberno non é tal, é só parálise, atasco. Augas mortas que todo apodrecen.

Tecnicamente non serán estas unhas eleccións constituíntes, pero se non son “reconstituíntes” de pouco van servir. Só farán máis longo, fatigoso e duro o único camiño rexenerador posible da nosa vida persoal e colectiva.

A próxima
lexislatura tería
que ser curta



O peto común No fío dos días

Manuel Regal Ledo

Onte, 18, foi o día das san Lucas, as feiras máis sonadas de toda a provincia de Lugo neste mes de outono. Un día, para quen isto escribe, de moita lembranza, porque hai 55 anos o meu primo Roxelio me levaba como postulante ao mosteiro de Samos, onde había dar un paso máis, significativo, no meu itinerario persoal, humano, espiritual. Así que o fomos celebrar a Mondoñedo, feireando con xente coñecida e descoñecida, gozando da abundancia de froitos e animais que a terra produce, cando a deixan e acompañan, e acollendo cordialmente tanta xentiña estranxeira que, como ben poden, van facendo algún cartiño para amañar as súas vidas. Cústame moito nin sequera pensar que estean seguindo a estratexia do cabalo de Troia, como afirmaba Cañizares (vaites, vaites!), e que non sexan trigo tan limpo, aruxo máis, aruxo menos, como nós a xente de aquí o somos. O día foi espléndido, calmoso, outonal, sen sol bravo nin auga feridora que impedisen saúdos e demoras. Un día cheo da graza multicolor da vida. Canto pracer!

Antonte, 17, véspera das san Lucas, xuntáranse en Mondoñedo, beiras de 250 persoas, moitas delas antigos alumnos do Seminario coas súas donas, para homenaxear esta institución diocesana que foi viveiro de vida, ciencia e convivencia humanista, humanizadora para as persoas directamente afectadas, para a cidade de Mondoñedo e, a través delas, para o conxunto de Galicia, que ben deitamos da graza poética, cultural, cocida ao quente daquelas paredes seculares. Houbo Medalla de Ouro, discursos, agradecementos, xantares, conversas cordiais, lembranzas, señardades... Aínda o 18, para quen andase co nariz, o oído e o corazón fino, as rúas ateigadas (petadas, di agora a chavalada) de xente e vida ulían a latíns e incensos, a salmos valecos e verbas soñadoras. O seminario non é o que foi. Non acolle seminaristas. Situación grave, grávida, de peso e embarazo, que apunta a tempos novos, a criaturas novas, que, coa axuda de Deus, han vir.

Antonte tamén, desta vez en Santiago, cento e pico de persoas chegadas de toda Galicia xuntabámonos para ilustrarnos e alentarnos no foro de Encrucillada. Ao final, Espido Freire, autora do ensaio sobre Tareixa de Xesús *Para vos nací*, engaiolounos cunha presentación carente de fofos alardes oratorios, pero tan chea de forza íntima, de paixón, de admiración pola figura de Tareixa, de bo dicir feminino, que nin un segundo da hora que lle levou quedou libre nin do seu encanto transparente nin da nosa abraíada e agradecida atención.

Canta cousa fermosa nos ofrece a vida!



O CARRABOXO por ROBE LOIS



Ás furtadelas Entrevista co teólogo Benjamín Forcano



O recente Sínodo pono de manifesto: temas como a homosexualidade, o aborto, o celibato opcional, o sacerdocio da muller ou os divorciados hai ben tempo que desafían a Igrexa e está pendente a súa abordaxe sen medo e con sentido. O teólogo Benjamín Forcano reflexiona nesta entrevista sobre esas realidades e admite que “coa chegada do Papa Francisco abriuse unha porta, entrou luz e óense mil voces acaladas que demandan debate, diálogo, solución.”

Falamos de temas de enorme actualidade, pero na Igrexa parece inútil volver sobre eles. Seica forman parte dunha doutrina revelada ou dun dogma inmutable?

Como ben dis son temas que están aí reclamando solución desde hai moito, moita xente sofre con eles e o máis sorprendente é que o cambio que se pide non só é posible, senón necesario e lexítimo. Non hai tanto que case ninguén, que fose católico, ousaba opinar diferente neses temas, nin sequera despois do Vaticano II. Sufrimos a involución posconciliar coma unha longa noite invernal. Agora, coa chegada do Papa Francisco, abriuse unha porta, entrou luz e óense mil voces acaladas que demandan debate, diálogo, solución.

E como explicar esa parálise?

Na Igrexa católica contou máis a autoridade e a obediencia que o pensamento e a liberdade. Nela prevaleceu o poder, un poder concentrado no clero, que asegura a adhesión e a

submisión máis que a crítica, o pensamento e a liberdade. Cambiar supón renovar, e renovar supón avanzar. Pero isto é o que o poder obstrúe alegando que non pode traizoar a verdade, sofisma que encobre ignorancia e privilexios adquiridos, a costa da necesaria renovación. E por outra parte, temos un pobo fiel, pouco feito para opinar, dialogar e obrar con liberdade, ensinado a obedecer máis que a pensar.

E isto como se remedia?

Abrindo a porta ao pensar, ao debate e ao diálogo. E esa porta debemos abri-la entre todos e todas. Hai que substituír o binomio do pasado: Igrexa docente (xerarquía) e Igrexa

a Igrexa é toda ela discente, discípula, seguidora, desde o Papa ata o último dos fieis

discente (pobo). O pobo é suxeito non obxecto, a Igrexa é toda ela discente, discípula, seguidora de Xesús, desde o Papa ata o último dos fieis. **Como aplicas esta renovación ao tema da homosexualidade?**

Hai algo que obriga a reflexionar: a homosexualidade é universal, é dicir, atópase en todos os tempos e culturas. Non é razón para consideralo propio do ser en que se dá? Os estudos científicos actuais conclúen que non é correcto considerar a homosexualidade como unha desviación ou patoloxía da sexualidade *normal* -a heterosexualidade. Non existe argu-

mento ningún que o avale. Non hai nada no Evanxeo que argumente en contra dela. Houbo interpretacións que, baseadas en certos textos bíblicos, xustificaron o seu rexeitamento e condenación. Ditas interpretacións son valoradas hoxe como alleas a eses textos bíblicos ben explicadas no seu contexto. A homosexualidade é un problema humano, que pode estudarse cientificamente na súa orixe, proceso, significado e causas, e non acientificamente recorrendo á Biblia desde unha interpretación fundamentalista. A condición homosexual é unha variante eticamente lexítima, aínda que minoritaria, da sexualidade humana.

En principio todos defendemos o dereito de todo ser humano á vida. Pero, o principio é xenérico e necesita ser aplicado a cada situación concreta. O embrión humano pode ser considerado vida humana desde o primeiro momento?

Na tradición cristiá esta foi unha cuestión aberta, houbo autores (Santo Alberto Magno) que consideraban haber vida humana desde o primeiro

momento e autores (San Tomé de Aquino) que sostiñan o contrario. Cuestión pois discutida, non dogma. As teorías máis modernas afirman que o embrión non é individuo humano ata logo de oito semanas (uns dous meses). A bioloxía molecular puido comprobar que no desenvolvemento embrionario non basta o factor xenético para que o embrión chegue a ser feto (dous meses): os xenos non son unha miniatura de persoa. Necesítanse os factores morfolóxicos e espaciais, os cales sen os factores xenéticos quedarían sen efecto e non se daría a organización primaria e secundaria do embrión ata a oitava



semana, é dicir, non habería substancialidade humana.

Os cristiáns non podemos aducir unha resposta contraria á da ética racional, pois non está na súa competencia nin nun saber seu específico dirimir cando se dá vida a humana individualizada. Os credos relixiosos poden promover e fortalecer o dereito á vida humana, pero sen anular o resultado dunha ética humana, debidamente investigado e comprobado.

Hoxe é bastante común considerar que, se o dereito ao matrimonio é natural, resulta estraño e incomprendible que a Igrexa católica prohiba aos sacerdotes casar...

Hoxe día, calquera teólogo, como calquera persoa medianamente informada, admite a bondade e lexitimidade do celibato -dun sacerdote non casado- e tamén a non obrigatoriedade do mesmo. A historia e a teoloxía acláranos este punto: o celibato obrigatorio non é unha lei divina senón disciplinar, de feito establécese como obrigatorio a partir do século XII.

Se facemos caso ás palabras de Xoán Paulo II, o tema do sacerdocio da muller parece unha porta pechada.

Certamente, a porta está pechada desde hai 20 séculos. Seguirá pechada no futuro? Non sabemos ata cando, pero é igualmente certo que esta práctica “non forma parte da constitución divina da Igrexa”. Na acción de Xesús de elixir entón unicamente a varóns non vai incluída a súa vontade de excluílas para sempre. Sería

unha discriminación grave, que ningún pode demostrar desde un estudo rigoroso da Sagrada Escritura e da Tradición da igrexa. Non existe ningún argumento. E pretender manter a exclusión, dicindo que o sacerdote representa a Cristo varón e que a muller é un ser inferior, incapaz e impuro para representalo, é non só inadmisíbel, senón vergonzoso.

cómpre distinguir entre o que é o ideal e o que é o mellor para cada situación

Ata cando esa situación de milleiros e milleiros de católicos, divorciados e recasados civilmente, a quen se lles prohibe poder comulgar e sentirse condenados a vivir fóra da Igrexa?

Ata que tomemos en serio as ensinanzas de Xesús de Nazaré. Hai un principio fundamental que nos axuda a enfocar e resolver este problema. Ningunha lei, por moi sagrada que sexa, é absoluta; en torno a ela hai ou-

tras leis, que cómpre relacionar entre si para aplicarlas correctamente. Cómpre distinguir entre o que é o ideal e o que é o mellor. Para os que invocan a indisolubilidad do matrimonio, apoiados no Evanxeo, debe aplicarse este principio. Sería maravilloso que todos os matrimonios, fundados no amor, puidesen realizarse unidos ata o final, sen ningunha ruptura. Pero ese ideal, dada a condición humana, fráxil e limitada, non sempre é posible. A indisolubilidad como unha lei, absolutamente inderrogable, non vale para multitude de situacións matrimoniais, onde xorde a dificultade, o conflito, a escisión irreparable, con posibilidade de odio e destrución mutua. Entón, o mellor é atender a esa

situación, recoñecela como irrecuperable e aceptar o dereito a que cada un poida seguir vivindo en paz e poida refacer a súa vida, só ou cun novo matrimonio mediante o divorcio. Entre o ideal e o mellor está a vida, que se encarga en cada caso de depurar defectos e distancias e estreitar unha maior unidade ou de facela frustrante e imposible polo agravamento deses defectos e distancias.



Elvira Santos Pena



Espido Freire pechou o foro presentando o seu ensaio *Para vos nací. Un mes con Teresa de Jesús*

En Compostela celebrouse, o 17 de outubro, o XXX Foro de Encrucillada, co título CRISTIANISMO SEN IGREXA?

Na presentación, Santi González Avión apuntaba: “Ten sentido facerse esa pregunta? Temos unha fe que se proclama en comunidade, pero, vista a experiencia de tanta persoas, é necesario reflexionar sobre esta realidade?”

Fernando Vidal Fernández (sociólogo, profesor da Universidade Pontificia Comillas, director do Instituto

Cristiáns sen Igrexa ou cristiáns sen fogar?

Universitario da Familia e de grupos de investigación sobre exclusión, inmigración e familia) comezou o seu relatorio tamén cun interrogante. Cristiáns sen Igrexa ou cristiáns sen fogar? Con datos estatísticos sobre práctica relixiosa e confianza e valoración da Igrexa, expuxo que hai unha extensa crenza en Deus, pouca confianza na Igrexa e unha baixa valoración desta (4,6). Son as igrexas

as que quedan sen cristiáns pola desconexión intelectual, estética, celebrativa e a falta dunha pastoral máis aberta, que supere a parroquialidade e reconecte coa parroquia fogar, casa aberta... Fernando concluíu: “Non creo que haxa cristiáns sen Igrexa, hai cristiáns sen fogar”

Os retos pastorais enunciounos Pepa Torres Pérez, muller loitadora, feminista, que vive en Lavapiés (Madrid) traballando activamente polos dereitos dos inmigrantes e das mulleres en distintos movementos alternativos. Pepa é relixiosa da congregación das Apostólicas do Corazón de Xesús, licenciada en Teoloxía e profesora do Instituto Xoán XXIII.

Tras o inverno eclesial, dixo que estamos nun tempo novo, un *kairós* que nos anuncia que este sistema non serve. A Igrexa non escoita os berros das persoas de hoxe, que sofren o desaxuste fe-institución, sentíndose rexeitadas ou alleadas, o que as leva a buscar alternativas desde a liberdade de conciencia. Pepa falou das fendas abertas entre a Igrexa e as persoas de hoxe e das pontes que poderían pechar esas fendas.

Pechando a mañá, Víctor Naveira presentounos o seu soño: “O BASILEIA”, unha casa de acollida, oración,

encontro, solidariedade e bendición para quen se queira achegar. “Aquí hai algo novo”, dicía Xosé Manuel ao presentalo. Pois si, Víctor é capaz de soñar cousas novas e facelas realidade. Parabéns e moita sorte!

O último relatorio estivo a cargo de Marisa Rodríguez Pereiro, presentada con moita orixinalidade por Marisa Vidal, que cantou á súa irmá. Marisa Rodríguez Pereiro é pedagoga, orientadora nun centro educativo e coordinadora en diferentes grupos, como Acompañamento ou Rede Miriam. O seu feminismo é vital, desde a experiencia da súa vida. Marisa comezou facendo memoria agradecida das persoas que comparten a súa vida, dos fíos que foron tecendo a persoa que hoxe é. Fíos de amor, de tenrura, de terra; fíos de compromiso, escoita, consenso; fíos de sabedoría. Dixo que as mulleres nos sentimos “residentes estranxeiras” nunha Igrexa que fala unha linguaxe que non é a nosa. E propuxo algúns dos desafíos do feminismo: recoñecer os papeis das mulleres nas súas orixes; recoñecer o corpo das mulleres como lugar sagrado; converterse nunha comunidade de iguais; incorporar a linguaxe inclusiva; abrirse á novidade da vida e aos novos xeitos de vivir a espiritualidade; ser igrexa mediadora e acompañante na salvación...

Clausurou o foro Espido Freire, autora de *Para vos nací. Un mes con Teresa de Jesús*. Espido acercounos a Tereixa de Ávila cunha exposición verdadeira. Falounos das súas xenialidades e contradicións, a súa forma de relacionarse, de resistir, de loitar... Contounos o que significou para ela o “*Nada te turbe*” de Tereixa, interpretado como “hai Algo que te está cuidando?”

O próximo número de *Encrucillada* (195) recollerá os relatorios completos.

Ata o ano que vén!

Pingas de orballos

Luís Pimentel

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

En Lugo a familia Pimentel é moi recoñecida e querida, non só pola transcendencia da familia ou polo Sanatorio Pimentel, da Rúa Aguirre –enfrente da muralla, hoxe desaparecido- que foi lugar de benéficos dons, cuantificados en saúde e esperanza para a cidade, senón, sobre todo, por cadrar nuns tempos represivos e grises que perseguían a todos os que pensaban ou que soñaban tempos mellores. Tamén había unha sombreirería na Praza Maior que era dos Pimentel, e a miña profesora de Lingua Española e Literatura. Pero quen máis chamaba a atención era D. Luís Pimentel, médico e poeta. Sobre todo o poeta, misterioso, alto e fraco, encurvado na altura, pálido e subido alá enriba onde eu, pequeno aínda, non chegaba a ver a totalidade do seu rostro, nin por moito que subise a calquera óptica ilusión. Só a distancia permitía verlle a faciana nunha nube de fume, cheo de cavilacións detrás duns lentes. Aquel home melancólico e taciturno, pousado nun tempo de cativas esperanzas, preocupado do triste fado que nos caera enriba e do que eu aínda, pobre de min, non era consciente. Ninguén sabía que tantas cousas podería trazar co seu máxín, nin supoñía aquilo que levaba dentro e tanto lle levaba a atención.

A poesía é o gran milagre do mundo

Era un renovado poeta, escritor... -dicían. Participaba dos faladoiros de Lugo, no Méndez Núñez, con aquela xeración enorme de bos e xenerosos. Co tempo, souben del e da súa arte no relato poético, dos seus tráxicos poemas, das máxicas realizacións, en verso tecido desde a dor, minuciosamente, e desde a anarquía do dicir, antes aínda da estética, que –por suposto- tampouco faltaba. Volvín a el con Isaac Díaz Pardo, cando me levou a ler de novo o poema das “Cunetas” (*Poesía enteira*). Facer canción con aqueles versos alborotados en rima e métrica pero tan auténticos en calquera ritmo, propios para retorcernos na memoria e no pasado que aínda nos pesaba. Todo un reto e démoló feito, quedou gravado cun estraño arranxo estarecedor, dorido poema que aínda pinga anilina desde as bandeiras esfarrapadas, desde os arrabaldes, onde sempre, se trama o crime. Poema único, no que se recoñece que só sofren os que aman a Galicia. Coma hoxe. Maldición! No aire “un cheiro de pombas mortas, e máis medo. Medo, Señor, ...isto é o home! Ti sabes que todos os días hai un home morto na cuneta, que ninguén coñece aínda. Unha muller sobre o cadáver do seu home chora. Chove. Negra sombra, hai un misterio na nosa terra, máis alá da néboa, do mar, da chuva, ...” Toda unha alegación desde as fiestras do sanatorio, carros de homes cara á morte no muro



exterior de pedra do Cemiterio –hoxe un hotel, cousas veredes!

Tamén dixó, noutro poema, que a poesía é o gran milagre do mundo, no que hai que ensinar sen berros porque o poeta é un mestre sen ira, capaz de pulir fronteiras de seixo e chegar a descubrir rosas invisibles da noite, para sentir o borboriño do propio sangue en latexos. Versos tallados lentamente que precisan ser lidos co mesmo sosego. Hoxe hai, na Praza Maior de Lugo, un monumento que o recorda, agradecida memoria dunha cidade na que viviu e da que soubo interpretar os mesmísimos silencios cando voan doces e abanan noites, cheas de voces para recuperar a dignidade de ser quen somos. Home alto, enigmático, dicía cousas tan certas e bonitas que, ao lelo, sentes estremecer o corpo nos recendos dos afectos!

O esvaeecedor de silencios

Manuel Arca

María del Carmen Alonso Seisdedos é tradutora audiovisual e literaria, labor que compaxina coa corrección ortotipográfica e de estilo. É licenciada nas Filoloxías Hispánica e Galego-Portuguesa e no seu currículo cóntanse, como idiomas de traballo, o galego, o castelán, o inglés, o francés, o italiano, o catalán e mais o portugués.

Traduciu **literatura** para a Editorial Galaxia: de Orhan Pamuk verteu ao galego (xunto con Bartug Aykan) *O museo da inocencia*, *Chámome Vermello*, *O libro negro* e *Neve*; de Kazuo Ishiguro achegounos *Nocturnos: cinco contos de música e anoitecida* e de Herman Koch (ao pé de Antón Vialle) mediou co texto da obra *A cea*. Ademais, tamén traduciu o célebre *Ulises* de James Joyce onda Eva Almazán, Antón Vialle e Xavier Queipo. Así mesmo, traballou como **correctora e revisora** para esta mesma editorial. E traduciu literatura infantil para Vicens Vives e Edicións la Fragantina.

Leva traballando no eido da **tradución audiovisual** desde as orixes mesmas da CRTVG e, desde aquela, asinou series como *O detective Conan*, *One Piece*, *Damages*, *Quita e pon*, *O pallaso* ou *Walker, ranger de Texas* e longame-traxes como a saga completa de *Harry Potter*, *Million Dollar Baby* ou *Alén do tempo*. Nos primeiros tempos tamén fixo **axuste** (a adaptación do tradución á imaxe e á sincronía do produto audiovisual).


O mundo da Tradución é un dos máis ignorados e esquecidos. Os profesionais que nel traballan merecen un recoñecemento equitativo ao resto de oficios liberais, máis aínda cando, como María del Carmen Alonso Seisdedos, desenvolven a súa empresa de maneira sobresaliente. Admíroa polo esmero e coidado que pon no seu traballo e que se plasma en cada tradución que asina.

Como comezaches no mundo da tradución?

Se non me lembra mal, foi en 1985, cando Imaxe Galega S.L. se instalou en Galiza. Colléronme primeiro como independente e despois contratada, xunto a Rosa Camiña (Interlingua S.L.) e Paco Bedoya, xa falecido.

Que prefires traducir: series, películas ou documentais? Imaxe real ou animación?

Realmente, tanto me ten mentres o produto sexa de calidade, algo que por desgraza non é frecuente. Hai produtos que me entusiasmaron, como unha serie canadense creada en 1990 que se chamaba *Chicken Minute* ou outra xaponesa (os únicos debuxos xaponeses que me gustaron), *Samurai Champloo*, ambas dobradas en SODINOR S. L. Recordo a versión que se fixo en CTV de *The*



Young Ones en 2006, pero nese estudio o traballo repartíase entre varios tradutores, algo que nunca se debería facer porque non contribúe nada á calidade.

Tamén fixen algo de axuste, que non é un traballo arduo, pero que require estar moi pendente da pantalla e leva o seu tempo. Daquela compensaba economicamente.

Dito iso, o que máis me gusta é traducir para o público infantil: cancións, xogos de palabras...

Cónstache cal foi o teu traballo máis valorado e cal, se existise, o máis criticado?

Do máis criticado non estou ao tanto, o máis valorado, *Shin-chan*. E supoño que a versión a oito mans do *Ulises*, pola parte que me toca, tamén entra aquí. Grazas a *Shin-chan*, os tradutores de dobraxe saímos un pouco á luz. Como anécdota, esta serie permitiu que na aldea onde vivo a xente soubese a que me dedicaba. Quixen (e sigo querendo) ser tradutora literaria. O de entrar

O que máis me gusta é traducir para o público infantil.

na tradución audiovisual foi mero acaso, as circunstancias que me colocaron nun lugar axeitado e no momento axeitado. O triste é que da tradución literaria nunca se puido vivir dignamente, pero tampouco se pode xa vivir dignamente da tradución audiovisual. E mesmo así, *se me dás a elixir, entre a tradución literaria e a riqueza, ai amor, quedo contigo*, que dirían Los Chunguitos, con perdón, pero sobre todo quedo coa tradución para nenos: o que máis me gustaba de pequena (e de grande) son os bos libros de literatura infantil.



De esquerda a dereita, Eva Almazán, María Alonso e Xavier Queipo.

Un tradutor ten que saber documentarse e traballar con bases terminolóxicas para manter a coherencia. Como se consegue?

Depende, porque se che dan a serie enteira podes manter a coherencia, pero se non, ese labor corresponderalle ao revisor/coordinador e ao interese que este ou a empresa para a que traballa teña en mantela. E si, dá moito traballo documentarse, pero iso é tamén parte do encanto deste oficio, fóra presións e prazos de entrega.

As túas traducións sempre apuntan cara á forma «máis galega de dicir». Cal é o segredo?

Darlles (moitas, moitas) voltas ás frases, tentar «interpretar» no sentido de ‘actuar’, meterse na pel de quen escribe ou fala...

Tamén traduces e adaptas cancións para dobraxe... Como!?

Non hai maxia ningunha aí, senón traballo. Fago unha primeira tradución para entender o que se di. Logo escoito a música varias veces. A seguir xúntolle o texto orixinal e vouna cantando (baixiño), para ver onde están as pausas, os acentos, o ritmo e as rimas, se as hai. Por fin, adapto a tradución e cántoa (ata que tremen as paredes da casa) para comprobar que todo encaixa. O que se faga despois con elas... é outro cantar.

Na tradución audiovisual os prazos sempre mandan. Como che afecta iso no traballo?

Teño dito moitas veces que ende ben hai prazos, porque se non, unha estaría eternamente dándolles voltas ás traducións e nunca máis daría acabado nada... pero claro que afectan: case nunca hai posibilidade de ver antes a serie enteira e hai que cingirse á primeira escolla que se fixo, aínda que logo se che ocorra outra mellor; segundo, porque cando cómpre entregar un ou dous episodios diarios, as máis das veces non quedo nada satisfeita do resultado.

Cabréame o pouco respecto que hai ás veces pola lingua

Tamén traballas como revisora e correctora. É agradecido?

Supoño que che son un algo rariña, porque a min gústame moito tamén ese labor, mesmo que acabe cabreándome polo pouco respecto que hai ás veces pola lingua. A ningún escritor se lle ocorrería cometer faltas de ortografía en castelán... Por que se cometen en galego, logo, e aínda algúns se senten orgullosos diso? Máis un misterio insondable da natureza humana.

O galego está en vías de normalización. Iso supón unha responsabilidade engadida?

Eu non o sinto así. Coidaría de igual modo (isto é, o mellor que sei e se me permite) un produto que fose nunha lingua totalmente normalizada coma o castelán. Sorpréndeme cando cae ante os meus ollos algún guión escrito en castelán por cineastas novos a cantidade de calcos do inglés que empregan, imitando as peores traducións da dobraxe en castelán. E isto non creo que teña xa volta de folla. Como diría Shin-chan, é o que hai. As linguas que aínda están vivas evolucionan, pero nunca na historia ese proceso foi tan rápido e para peor.

O noso taboleiro



David Otero, Chairego de honra

O sábado 7 de novembro a *Irmandade Manuel María* e a *Asociación Xermolos* van nomear a David Otero “Chairego de honra”, un recoñecemento polo seu labor de espallador das esencias da Terra Chá por todas as comarcas do país. Os actos comezarán ás 12:00 na Casa da Cultura de Vilalba cunha táboa redonda na que van intervir Helena Villar, Xoán C. Garrido, Heitor Picallo, Mini e Mero, Xabier P. Docampo, Alfonso Blanco e Xulio Xiz... Despois do xantar haberá un concerto de Mini e Mero e o Gaiteiro Nubeiro Raúl Galego. Para apuntarse ao xantar, podedes facelo no teléfono 646413890 ou correo electrónico xermolos@xermolos.org

III Foro de encontro espiritualidade e política

Colexio de La Salle - 28 e 29 de novembro

PROGRAMA:

SÁBADO

- 09:30 Inscricións
- 10:00 Benvidas! Acolllida e presentación do Grupo de Acompañamento e Creceemento Persoal de Galiza
- 10:30 *Espiritualidade e Política* Enma Martínez Ocaña
- 12:00 Descanso
- 12:30 Círculos de encontro
- 13:15 Diálogo con Enma Martínez Ocaña
- 14:00 Xantar
- 16:30 *Responsabilizarnos da (propia) vida.* Tareixa Ledo Regal.
- Outra política é posible.* Lidia Senra Rodríguez.
- O corpo, lugar para vivir unha espiritualidade política.* Enma Martínez Ocaña

18:30 Descanso

19:00 Compartir ecos

20:00 Merenda-cea. Visita a Santiago

DOMINGO

10:00 Activando a nosa enerxía vital

10:30 *Resoares, preguntas, retos, conclusións.* Pepa Torres Pérez

11:30 Descanso

12:00 Información Rede Miriam

12:30 Celebración Asociación de Mulleres Cristiás Galegas Exeria

14:00 Xantar

Inscricións: redmiriamefi@yahoo.es

Contato: Marisa Rodríguez Pereiro (677625215)



**Sínodo da Familia:
A boa nova bate co
muro do dogma**



EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedron Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscripcións@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



A CLAVE

Non sei se será forzar moito o Evanxeo. De seguro que non pretendo aproveitarme e “varrer para a casa”, porque sería un orgulloso de crer minimamente que en algo me podo comparar a pobre viúva do evanxeo de Marcos. Mais vén de acabar o Sínodo da Familia e non podo máis que preguntarme sobre o que nos conta esta pasaxe. Que queremos da nosa Igrexa? Que é o importante para quen nos presentamos coma cristiás? Dun lado temos a eses que gustan de se pasear con vestidos fachendosos e que teñen a lei na boca. Posiblemente sería groseira a comparación co episcopado actual da nosa Igrexa, mais esta teima por loitar pola “verdade” da doutrina, fai que os equipare cos letrados, tan gustosos da lei, “a pé da letra”. Mais o Evanxeo fáleme a min, a cada un de nós, e non podo máis que comprobar que na defensa das miñas ideas, tamén son capaz de defender cheo de razón as miñas ideas de Igrexa, tal cal faladoiro televisivo, rebatendo punto por punto os ditados cuestionables da xerarquía eclesial (que como lectoras/es de Irimia, non necesidades que volos detalle).

Mais Xesús dinos que isto non vai nin de ideas, pareceres, disque-disque ou dogmas. Isto vai simplemente de misericordia. E aí non hai estudos que vallan, nin posición social: o modelo de cristiá é esa muller maior, excluída da súa sociedade, que dá canto ten a quen, coma a ela o necesita. E aí entendo que non debo deixarme confundir por todos aqueles que con fachenda, ou sen ela, buscan os primeiros postos na sociedade: a miña atención debe estar centrada en aqueles que entregan a súa vida, que son expresión mesma de misericordia. Este é o reto. Que teña a sorte, como Bartimeo, que se me abran os ollos.

J. A. Martínez

A PALABRA

DOMINGO 8 DE NOVEMBRO. XXXII DO TEMPO ORDINARIO

A PALABRA. Mc 12, 38-44

Naquel tempo, Xesús ensinaba á xente dicíndolles: «Coidado cos letrados! Gustan moito de se pasearen con vestidos fachendosos, e que lles fagan reverencias polas rúas; buscan os primeiros postos nas sinagogas e mais nos banquetes. E acábanlles cos bens ás viúvas, facéndose os piadosos. Mais serán xulgados como lles cómpre.»

Sentado fronte por fronte da sala do tesouro, ollaba para a xente que botaba cartos no peto. E moitos ricos botaban con fartura. E nisto viu unha viúva pobriña botar uns céntimos nada máis, unha miseria coma quen di. Entón chamou os seus discípulos, e díxolles: «Asegúrovos que esa pobre viúva botou máis cós ricos todos. Pois eles botaron o que lles sobrava, pero ela na súa pobreza, botou todo canto tiña para vivir.»

O ECO

(...) Queridos Irmáns:

A experiencia do Sínodo tamén nos fixo comprender mellor que os verdadeiros defensores da doutrina non son quen defenden a letra senón o espírito; non as ideas, senón o home; non as fórmulas senón a gratuidade do amor de Deus e do seu perdón. Isto non significa de modo algún diminuír a importancia das fórmulas, das leis e dos mandamentos divinos, senón exaltar a grandeza do verdadeiro Deus que non nos trata segundo os nosos méritos, nin tampouco segundo as nosas obras, senón unicamente segundo a xenerosidade sen límites da súa misericordia. Significa superar as tentacións constantes do irmán maior e dos obreiros celosos. Máis aínda, significa valorar máis as leis e os mandamentos, creados para o home e non ao contrario. (...)

(Fragmento do discurso de clausura do Sínodo dos bispos sobre a vocación e misión da Familia. Roma, 24 de outubro de 2015)

Papa Francisco

Falando da lingua En varios tempos...

Lidia e Valentina



Santiago, o home do tempo

Había quen se queixaba hoxe por aquí polas Rías Baixas de que cho-vía que metía medo. Houbo quen lle tapou a boca... «É o tempo...!» Pois claro que é o tempo! É o tempo de chover, de ventar, de ir frío... É o tempo deste tempo... É mellor que veña agora ca cando non ten que vir, cando estrague a anada... Está un tempo de outono mesmo!

E pode ser que estea no tempo... No tempo de mocear, de casar, de presumir...E ao mellor dáse a moi novo ou a moi nova, pero...xa ten o

Será como se vai vestido? Algún e algunha meten medo..! Xa se sabe, hai que ir cos tempos...

Ou pode ser que incluso morrera e vaia no seu tempo... porque xa tiña os seus anos e, entón, aínda que mágoa e dor dá a mesmiña, vai na súa idade, no seu tempo... Que para quedar non veu ninguén, xa se sabe... Agora que estaba ben, que as que tal pasou naquel tempo...

E unha cousa ben importante, ho, que nós non somos ninguén para adoutrinarnos, pero cando se vai aos sitios,

seu tempo... Que o tempo pasa para todos e para todas... Que erades dun tempo! Sodes da mesma quinta! Moceastes xuntos... Porque ti... que tempo tes...? Ben é certo que nestes tempos a xente parece que non pasa o tempo por ela!

hai que ir con tempo para chegar a tempo... É mellor chegar e estar a facer tempo, matar ese tempo morto en calquera trangalladiña, pasar o tempo aínda que sexa a mirar para os biosbardos, para que ninguén teña que perder o seu tempo a esperar por un... Non é que o tempo dun valla menos ca o dos outros, pero... di mal... É que o tempo non chega a nada! E para facer as cousas hai que ter, para empezar, tempo. O tempo non corre, voa! Non dá tempo a nada...! E ben é certo que tamén dá gusto ter algún tempo libre para un...

E se a vosa parella ou algún dos fillos se anoxan, dádelles tempo, que a boi bravo, corda longa... Co tempo, se por ben é, halles pasar!

Ah! E se tedes gando na casa, sabe-redes que cando un animal xa acabou o tempo, quizais se haxa que levantar de noite, a ver se vai ordenar de parir...

Xa había tempo que tiñamos gana de falar do tempo... A todo lle chega o seu tempo, e, como di o Pondal, os tempos son chegados. Así e todo, non foi sen tempo!

O Fachineiro do xoio

Trigo limpo

Cada vez que oía falar do trigo e o xoio, a este fachineiro sempre lle soaba a herba allea. Aínda que non gocen de boa prensa, postos a sacar, prefiro facelo contra a muruxa, a millaca, o cristo, a aceda ou o samarco, que decotío aparecen entre as patacas ou o millo. Cando se amenta o xoio parece que hai que enrugan a fronte e poñer cara de ferreiro. Cañizares (enténdaseme ben: non o bo, o virtuoso guitarrista; nin sequera o exporteiro de fútbol, senón o cativo, o cardeal e arcebispo de Valencia) debeu sentar doutrina (referímonos a doutrina no sentido “doutrina Botín”) cando



se preguntaba se todos os refuxiados sirios que chegan a Europa son trigo limpo. Esta doutrina é máis ou menos a que empregou hai uns días o fascista Viktor Orbán, primeiro ministro húngaro en Madrid, na reunión do Partido Popular Europeo reunido para chufar as bondades do goberno de Rajoy. Contábase entre os enfervorecidos aplaudidores o tamén fascista Berlusconi, este máis da corrente bunga-bunga. Ata os ósos do conde de Romanones están revolvéndose no cadeleito para volver dicir aquilo de “Joder, que tropa”

A.Q.